



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE.

No Concello de Láncara, sendo as doce horas, do día vinte e sete de febreiro de dous mil quince, reúnese no Salón de Sesiós a Xunta de Goberno Local, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. Ricardo Núñez Valcárcel, e D. Carlos Fernández Díaz.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa como secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA
ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA DEZ DE FEBREIRO DE 2015.**

2º.-DECRETO DA ALCALDÍA:

Nº 21, SOBRE DOUS DÍAS DE VACACIÓNS AO SECRETARIO.

3º.-PERSOAL:

**-ESCRITO DE D. JESUS NÚÑEZ FERREIRO SOLICITANDO O DÍA
01-04-15, POR ASUNTOS PROPIOS.**

**4º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DA OBRA
ACCESOS OS NÚCLEOS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LANCARA
E OUTROS.**

**5º.-ESCRITO DE UNIÓN FENOSA, SOBRE DEMANDA DE
POTENCIA EXTRA PARA FESTAS.**

**6º.-ESCRITO DE GASNATURAL FENOSA, SOBRE MODALIDADE
DE PRECIO FIXO PARA PAGO DA ENERXIA CONSUMIDA.**

**7º.-COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA SOBRE RESOLUCIÓN DE
RECLAMACIÓN DO CONCELLO A GASNATURAL FENOSA SOBRE
PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN.**

8º.-SERVICIOS SOCIAIS:

-INFORME.

-MEMORIA RESUME DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, ANO 2014.

9º.-XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICO) NA MODALIDADE DE PRESTACIÓN BÁSICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2014).

10º.-ESCRITO DE Dª MERCEDES TREBOLLE ESPÍÑA, SOBRE LIMPEZA DO CAMIÑO PÚBLICO DE “STª MARÍA DE LAMA CONDUCE A IGREXIA”

11º.-ESCRITO DE Dª MERCEDES TREBOLLE ESPÍÑA E Dª CARMEN BLANCO DIAZ, SOBRE SEQUEDADE DOS POZOS DA SÚA PROPIEDAD, POR MOR DAS OBRAS EFECTUADAS PARA CANALIZACIÓN DE AUGAS EN STª Mª DE LAMA.

12º.-SOLICITUDE DE Dª MARÍA VERÓNICA LÓPEZ ALONSO, PARA COLOCACIÓN DUNHA TARIMA NA BEIRARRÚA DIANTE DO CAFÉ-BAR CON VERO.

13º.-INFORME DE D. JOSÉ LUIS VARELA FERNANDEZ, SOBRE AS EMPRESA DE ANALÍTICA E CONTROL DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO.

14º.-LICENZAS DE OBRAS MENORES:

-SOLICITUDE DE D. JESÚS LÓPEZ GARCIA, PARA PINTADO DE TRES FACHADAS E ENFOCADO DUN ALPENDRE ANEXO , SITOS NA RÚA CASTELAO Nº 46, POBRA DE SAN XIAO.

15º.-XUSTIFICACIÓN PREMIOS ENTROIDO 2015.

16º.-ESCRITO DE Dª MARÍA DEL CARMEN SEIJAS LÓPEZ, SOBRE COLOCACIÓN DE VADO EN BENIGNO QUIROGA Nº 22, POBRA DE SAN XIAO.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

17º.-INFORME DE LUIS I. LOPEZ LÓPEZ, REPRESENTANTE DA EMPRESA MONTAXES E INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS NACHO, SOBRE MELLORAS DA 1º ANUALIDADE DO CONTRATO REFERENTE O ANO 2014.

18º.-PRESUPOSTO Nº LU17/15, SOBRE REFORMA DE CUADRO DE ALUMEADO PÚBLICO SITUADO EN CAMPO DA FEIRA DE POBRA DE SAN XIAO, CRUCE DOS DEPÓSITOS DE AUGA.

19º.-SUBVENCIONS DEPUTACION:

-CONCURSO DE CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DA PROMOCION DEPORTIVA REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (XIMNASIA E PATINAXE).

-CONCURSO DE CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DE CARACTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURALS REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (EQUIPAMENTOS CULTURALS).

-CONCURSO DE CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DAS ACTIVIDADES CULTURALS REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (FESTA DA XUVENTUDE).

-CONCURSO DE CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DEPORTIVAS E PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (EQUIPAMENTO DEPORTIVO).

20º.-RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POR D. JUAN MOURELO RODRIGUEZ, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-2015.

21º.-ESCRITO DE MIGUEL DIAZ BESTEIRO, SOLICITANDO UNHA REMUNERACION ECONOMICA PARA A OBTENCION DO PERMISO C1.

22º.-PODA PINOS DA PRAZA DA ESTACION.

23º.-TROCOS DE TITULARIDADE DO "CAFÉ-BAR AVENIDA PUB JOY DE POBRA DE SAN XIAO.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA DEZ DE FEBREIRO DE 2015.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día dez de febreiro de dous mil quince , este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2º.-DECRETO DA ALCALDÍA:

Nº 21, SOBRE DOUS DÍAS DE VACACIÓNS AO SECRETARIO.

Visto o decreto Nº 21, que di:

“DON ELADIO CAPÓN LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LÁNCARA (LUGO).-

Visto o escrito presentado por D JOSE LÓPEZ CASTRO, polo que solicita dous días con cargo as vacacións do ano 2014, 23 e 24 de febreiro.

RESOLVO:

1º.-Conceder a D. José López Castro dous días de permiso, 23 e 24 de febreiro, con cargo as vacacións pendentes do ano 2014.

2º.-Dar conta deste decreto a Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que esta celebre”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Considerar que a licenza estaba amparada en causas de forza maior e polo tanto tiña carácter de urxencia.

2º.-Ratificar o decreto en todo o seu contido.

3º.-PERSOAL:

-ESCRITO DE D. JESUS NÚÑEZ FERREIRO SOLICITANDO O DÍA 01-04-15, POR ASUNTOS PROPIOS.

Vista a solicitude presentada por D. Jesús Núñez Ferreiro solicitando o día 01-04-2015, por asuntos propios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Concederlle a D. Jesús Núñez Ferreiro o día 01-04-2015, por asuntos propios.



CONCELLO DE LANCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

4º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DA OBRA ACCESOS OS NÚCLEOS DE TRASLISTE, TOIRÁN ,TOLDAOS, LANCARA E OUTROS.

Visto que o expediente se tramitou polo procedemento de negociado sen publicidade.

Visto que foron invitadas catro empresas: Hermanos Blanco Trigo; Construciones y Desbroces Jespa e, Construciones Leal e Villamor e Obras e Viales Bascuas.

Visto que a empresa Servitec Medioambiente presentou a traves do perfil do contratante.

Visto que presentaron oferta económicas catro empresas : Hermanos Blanco Trigo; Construciones y Desbroces Jespa , Construciones Leal e Villamor e Servitec Medioambiente.

Vista a acta de apertura de plicas de data 19-02-2015, na que figuran as ofertas das empresas que presentaron oferta económica:

HERMANOS BLANCO TRIGO.

PRECIO: 111.314,00
I.V.E : 23.375,94
TOTAL: 134.689,94
MELLORAS: 1.346,90
PRAZO DE EXECUCIÓN: non consta.

CONSTRUCCIONES Y DESBROCES JESPA .

PRECIO: 110.830,53
I.V.E: 23.274,41
TOTAL: 134.104,94
MELLORAS:13.576,50
PRAZO DE EXECUCIÓN: 25 días

CONSTRUCCIONES LEAL Y VILLAMOR S.L.

PRECIO: 111.314,00
I.V.E : 23.375,94
TOTAL: 134.689,94
MELLORAS:355
PRAZO DE EXECUCIÓN: rematadas o 5 de xuño

SERVITEC MEDIOAMBIENTE.

PRECIO: 109.530,33
I.V.E : 23.001,37
TOTAL: 132.531,70
MELLORAS: 6.461,08
PRAZO DE EXECUCIÓN: 28 DÍAS NATURAIS.

Vista a acta de valoración e puntuación de data 19-02-2015.

Visto que no proceso de negociación feito coas catro empresas que presentaron oferta, ningúnha mellorou a oferta presentada.

Visto que a empresa que presenta mellor oferta fai unha baixa de 585,00 €, financiada :

Consellería do Medio Rural (AGADER): 483,47 €

Concello (IVE 21%) 101,53 €

Visto que ata o 10% do presuposto da obra podense producir modificacións .

Visto que a baixa realizada é inferior ao 0,50%.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Adxudicar a obra “acondicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Traslite, Toirán, Toldaos, Lán cara entre outros do Concello de Lán cara” a empresa construcciones y desbroces Jespa Jesús y Páramo S. L., polo prezo de :

PRECIO: 110.830,53

I.V.E: 23.274,41

TOTAL: 134.104,94

Asimesmo inclúese unha mellora de 13.576,50 € (trece mil cincocentos setenta e seis euros con cincuenta céntimos).

2º.-Solicitar a Consellería de Medio Rural e do Mar, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para que nos autorice empregar o importe da baixa (483,47 €) en mellora de obra, ou aumento da mesam, sempre dentro das obras contempladas no proxecto.

3º.-Fixar unha fianza do 5% do orzamento de adxudicación, excluído o IVE (5.541,53 €).

4º.-Nomear Director das obras a Dª Marta López Cepeda, redactora do proxecto.

5º.-Comunicar á empresa adxudicataria que o contrato deberá formalizarse no prazo de dez días hábiles dende a recepción da notificación, debendo ter constituída a garantía definitiva con antelación esta data, de non cumprir estes requisitos pasarase a adxudicar a obra a empresa que quedou en 2º lugar (SERVITEC MEDIOAMBIENTE).

6º.-Remitr certificación deste acordo a tódalas empresas que presentaron oferta.

7º.-Recordarlle a empresa adxudicataria que as obras deben estar rematadas e xustificadas o gasto antes 01-06-2015.

5º.-ESCRITO DE UNIÓN FENOSA, SOBRE DEMANDA DE POTENCIA EXTRA PARA FESTAS.

Visto o escrito de Unión Fenosa no que pon de manifesto que a actual infraestructuras eléctrica do Concello non pode absorber a demanda de potencia extra derivada das festas que se desenrollen no municipio, polo que se recomenda a comisión de festexos cando fagan ás solicitudes instalen particularmente grupos electrógenos.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterada do contido de dita comunicación.

2º.-Dar unha copia de dito escrito a tódalas comisión que soliciten festexos, para que den cumprimento ao mesmo, así como as empresas de espectáculos do municipio.

6º.-ESCRITO DE GASNATURAL FENOSA, SOBRE MODALIDADE DE PRECIO FIXO PARA PAGO DA ENERXIA CONSUMIDA.

Visto o escrito remitido por GasNatural fenosa, polo que se comunica que para a próxima renovación si se prefire podense evitar as fluctuación de prezos da enerxía en mercado contratando unha modalidade de prezo fixo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Solicitarlle oferta de mellora as empresas GasNatural fesnoa e a E.O.N a traves de Efigal Norte.

7º.-COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA SOBRE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DO CONCELLO A GASNATURAL FENOSA SOBRE PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN.

Vista a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, sobre resolución da reclamación formulada por este Concello contra Gas Natural-Fenosa por periodicidade das facturacións, pola que se recoñece o dereito a que Gas Natural Sur SDG, SA emita a facturación coa periodicidade establecida.

A Xunta de Goberno,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterada do contido de dita comunicación.

2º.-Comunicarlle a empresa Gas Natural-Fenos que debe respetar a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, facturando con puntualidade e conforme a Lei e cada mes debe haber as mesmas facturas.

8º.-SERVICIOS SOCIAIS:

-INFORME.

-MEMORIA RESUME DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, ANO 2014.

Vistas as memorias resumo dos servizos sociais comunitarios, mantemento, dependencia, axuda no fogar prestación básica e programa actuacións específicas de prevención e inserción, presentadas pola Traballadora Social deste Concello D^a M^a Teresa López Pernas.

Visto que para quilometraxe do ano 2014 se solicitaba a CCAA unha subvención de 315,00 € e o Concello debía aportar 325,00 €, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 24-03-2014.

Polo Secretario-Interventor informase que a CCAA non subvencionou cantidade algúnha para esta finalidade, polo que os gastos de quilometraxe debe ser aboado na súa totalidade polo Concello (528,01 €), informando igualmente que este Concello dispón dun coche que debe ser compartido entre os sanitarios, porteiro e servizos sociais, etc, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 16-04-2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Prestar aprobación ao quilometraxe correspondente ao 2014 (528,01 €), con cargo a remanente de Tesorería.

2º.- Prestar aprobación as memorias resumo presentadas pola Traballadora Social.

9º.-XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICO) NA MODALIDADE DE PRESTACIÓN BÁSICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (ANUALIDADE 2014).

Vista a documentación para xustificación o aboamento da subvencións destinadas a gastos correntes do servizo de axuda no fogar (SAF BASICO) na modalidade de prestación básica nos Concellos da deputación de Lugo, anualidade 2014, por importe de 2.752,00 €, concedidos mediante acordo da Xunta de Goberno Provincial de Lugo de 18 xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Remitir tódala documentación a Deputación Provincial, dentro de prazo.

Neste intre incorporase o Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz.

10º.-ESCRITO DE D^a MERCEDES TREBOLLE ESPIÑA, SOBRE LIMPEZA DO CAMIÑO PÚBLICO DE “ST^a MARÍA DE LAMA CONDUCE A IGREXIA”

Visto o escrito presentado por D^a Mercedes Trebolle Espiña, no que pon de manifesto “que por el Sr. Alcalde se me ordenó a medio de comunicación dirigida en fecha 17 de julio de 2014 retirar de la vía pública al paso por mi propiedad los materiales de cualquier clase que se encontrasen en la misma, requerimiento que atendí en tiempo y forma.

El caso es que esta parte interesa que dicha vía pública, conocida como camiño público que de “Sta María de Lama conduce a Igrexa” quede limpa de materiais pedras, etc, en todo su recorrido, y que, efectivamente estorban al paso de vehículos, tractores, etc, por lo que habrá de llevar a cabo los requerimientos oportunos a tales fines.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

SOLICITO se tenga por presentado este escrito, por efectuadas las manifestaciones que en el mismo constan, y se acceda a lo solicitado por esta parte”.

Visto que neste intre o Concello non dispón de persoal para facer estes traballaos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Que se limpiará o camiño cando o Concello dispoña de medios persoais e materiais.

11º.-ESCRITO DE D^a MERCEDES TREBOLLE ESPÍÑA E D^a CARMEN BLANCO DIAZ, SOBRE SEQUEDADE DOS POZOS DA SÚA PROPIEDAD, POR MOR DAS OBRAS EFECTUADAS PARA CANALIZACIÓN DE AUGAS EN ST^a M^a DE LAMA.

Visto o escrito presentado por D^a Mercedes Trebolle Espiña e D^a Carmen Blanco Díaz, que di:

“PRIMEIRO.-Que por acuerdo de este Ayuntamiento adoptado por la Xunta de Goberno Local celebrada el día 24 de enero de 2014 se adoptó prestar aprobación a la propuesta efectuada por don Antonio Juan López López y D^a Gloria Melle López, en relación a la denuncia que efectuara D^a Mercedes Trebolle Espiña en marzo de 2012 sobre canalización de unas aguas en el lugar de Santa María de Lama. Que dichas obras transcurrieron por las parcelas 298 y 303 del polígono 10 propiedad de Antonio Juan López López, resultando que por este Ayuntamiento se acometió la ejecución de las obras.

El caso es que el verano pasado se han ejecutado las citadas obras y han provocado que se secan los pozos de agua existentes en las fincas propiedad de los exponentes, los cuales abastecían las casas y venían destinados a usos domésticos.

SEGUNDO.-Así las cosas interesamos se lleven a efecto las obras oportunas por este Ayuntamiento a fin de reponer la situación a su estado anterior en el sentido de que los pozos señalados en el extremo anterior recuperen el caudal de agua perdida como consecuencia de las obras efectuadas.

SOLICITO se tenga por presentado este escrito, por efectuadas las manifestaciones que en el mismo constan, y se acceda a lo solicitado por esta parte”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Que xa se tomaron as medidas oportunas para que non afectara a obra a ditos pozos, pozos que están en planos superiores as obra de canalización.

12°.-SOLICITUDE DE D^a MARÍA VERÓNICA LÓPEZ ALONSO, PARA COLOCACIÓN DUNHA TARIMA NA BEIRARRÚA DIANTE DO CAFÉ-BAR CON VERO.

Visto o escrito presentado por D^a Concepción López Alonso, para colocar unha tarima na beirarrúa diante do café-bar Convero, dende maio a outubro, de 4 X 2 metros aproximadamente, deixando sempre libre 1,20 metros para paso pola beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Autorizar a D^a Concepción López Alonso a colocar a tarima diante do café-bar Convero, na zona de aparcamento, a altura da beirarrúa deixando libre 1,20 m para paso, debendo poñer unha baranda ou similar polos 3 lados que dan coa rúa, e pagar pola mesas que poña.

13°.-INFORME DE D. JOSÉ LUIS VARELA FERNANDEZ, SOBRE AS EMPRESA DE ANALÍTICA E CONTROL DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dez de febreiro de dous mil quince.

Visto o informe de D. José Luis Varela Fernández que di:

“DON JOSE LUIS VARELA FERNANDEZ, encargado deste servicio de abastecimiento de aguas a domicilio.

En relación a la inspección de Sanidade efectuada el día 3 y 10 de febreiro de 2015, en las redes de abastecimiento de Puebla y Lán cara.

I N F O R M O:

Que según consta en la acta efectuada por los Inspectores de Sanidad, existen las siguientes deficiencias, las cuales deben ser subsanadas en el plazo de un mes y otras en seis meses, a contar desde el día del acta, que son las siguientes :

-Señalización de depósitos y ETAP de Lán cara y Castalvello en Puebla y protocolo actualizado (un mes), remitiendo fotos de la señalización y copia de protocolo actualizado, a la Dirección Territorial de Sanidad en Lugo.

-Limpieza de depósitos y desinfección realizada por empresa que este acreditada para dichos trabajos, que tendrá que emitir certificación de dichos trabajos (seis meses).

Es cuanto tengo que informar al respecto de esta inspección.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Adxudicar a empresa Soluga a analítica e control de auga de consumo, mediante contratato menor, polo prazo máximo dun ano , polo prezo de oferta:

“Control aguas de consumo de ZA-Lán cara : 2.171,47 IVE incluído

Control aguas de consumo de ZA-Puebla: 2,210,19 IVE incluído

Realización de una fuentes y 4 controles anuales en las zonas de baño interior y exterior de río Neira (julio y agosto) sin coste.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

Contra análise, custo sen IVE :
Escherichia Coli 6,25 mostra
Enterococos 8,25 mostra
Clostridium perfringens 12,50 mostra
Aerobios a 22ºc 6,25 mostra
Bacterias coliformes 6,25 mostra
Contra análise de parámetros sueltos 30,00 mínimo

2º.-Trascurrido este prazo sacar a licitación este servizo.

3º.-Encargar os sinais para os depósitos de Castalvello en Pobra de San Xiao e Luncara.

4º.-Solicitar presuposto para limpeza e desinfección interior de depósitos a tres empresas.

5º.-Solicitar oferta sobre protocolo a empresa Biocontrol, para dar cumprimento a acta de inspección de Sanidade.

14º.-LICENZAS DE OBRAS MENORES:

-SOLICITUDE DE D. JESÚS LÓPEZ GARCIA, PARA PINTADO DE TRES FACHADAS E ENFOSCADO DUN ALPENDRE ANEXO , SITOS NA RÚA CASTELAO Nº 46, POBRA DE SAN XIAO.

Vista a solicitude presentada por D. Jesús López García , con D.N.I. Nº33.314.687-S, para pintado de tres fachadas dunha vivenda e enfoscado dun alpendre anexo, sito en Rúa Castelao Nº 46 en Pobra de San Xiao, cun orzamento de 1000,00 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Conceder licenza municipal a D. Jesús López García, para pintado de tres fachadas dunha vivenda e enfoscado dun alpendre anexo, sito en Rúa Castelao Nº 46 en Pobra de San Xiao

2º.-Practicar a liquidación seguinte:

Licencia de obra : $(1000,00 \times 3,1 \%) = 31,00 \text{ €}$

Taxa municipal sobre licenza urbanística de **25,00 €**, taxa mínima.

3º.-A licenza concedese salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

4º.- A taxa debe ser ingresada antes de retirar a certificación deste acordo. E o resto de liquidacións nos prazos indicados o dorso.

15º.-XUSTIFICACIÓN PREMIOS ENTROIDO 2015.

Visto que o Concelleiro de cultura D. Andres Caballero López, recibiu 1690,00 €, para os premios de entroido 2015, en concepto de pagos a xustificar.

Vista a acta de premios entregados, por importe de 1680,00 €, debendo reintegrar 10,00 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a Acta de premios de entroido.

2º.-Que reintegren os 10,00 €, no prazo de tres meses, e en todo caso ante de finais de lexislatura.

16º.-ESCRITO DE Dª MARÍA DEL CARMEN SEIJAS LÓPEZ, SOBRE COLOCACIÓN DE VADO EN BENIGNO QUIROGA Nº 22, POBRA DE SAN XIAO.

Vista a solicitude presentada por Dª María del Carmen Seijas López, provista do D. N.I. Nº33322298-J, pola que solicita un vado para a Rúa paralela a vía ferrea, pola parte traseira do edificio Churrilo II fase.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 23-01-15, se concedeu alta dos vados de D. David López López e Saturnino Neira López.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Concederlle a D.ª Dª María del Carmen Seijas López, un vado para a Rúa paralela a vía ferrea, pola parte traseira do edificio Churrilo II fase., asignandolle o nº 39

2º.-Practicar a seguinte liquidación:

Vado: 12,00 €, segundo establece a ordenanza municipal vixente, cantidade que debe aboar nas anualidades sucesivas, mentras non se modifique a ordenanza.

Sinal de vado: 20,30 €

Total.... 32,30 €

3º.-O pago debe realizarse previamente a colocar o vado.

4º.-Remitir certificación deste acordo a D. José L. Varela Fernández.

5º.-Devolver a D. David López López e D. Saturnino Neira López 9,63 € a cada un segundo acordo planario de data 25-02-2015.

17º.-INFORME DE LUIS I. LOPEZ LÓPEZ, REPRESENTANTE DA EMPRESA MONTAXES E INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS NACHO, SOBRE MELLORAS DA 1º ANUALIDADE DO CONTRATO REFERENTE O ANO 2014.

Visto o informe do plan de melloras da 1ª anualidade do contrato presentado por D. Luis I. López López, que di:

Informa a la Junta de Goberno Local del Concello de Lán cara que las obras del Plan de Mejoras referentes al año 2014 ofertado en el contrato de mantenimiento de alumbrados públicos y de pabellón polideportivo se encuentran totalmente rematadas con un importe total de 2.914,13 € según se acompaña en los informes de las obras en los lugares donde se realizaron y el material que se empleo para su realización:

Reforma de linea de alumbrado público traslado de cuadro de contadores y cuadro de alumbrado público de poste e instalación de dos puntos de luz en el Barrio de Montixo en San Juan de Muro, por importe de 1.802,17 €

Modificación de linea de alumbrado público en la curva subiendo para los depósitos de agua, por importe de 86,52 €.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

Desplazamiento de cuadro de alumbrado publico en Ronfe barrio de As Cortes, por importe de 80,47 €

Farola en Vigo de Gallegos, por importe de 153,14 €

Modificación de linea de alumbrado público en Trasliste junto casa Tallón, por importe de 351,19 €

Farola na Reboleira, por importe de 284,71 €.

Farola en Balse, por importe de 155,93 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a relación de melloras correspondentes a 1ª anualidade, por importe de 2.914,13 €

18º.-PRESUPOSTO Nº LU17/15, SOBRE REFORMA DE CUADRO DE ALUMEADO PÚBLICO SITUADO EN CAMPO DA FEIRA DE POBRA DE SAN XIAO, CRUCE DOS DEPÓSITOS DE AUGA.

Visto o presuposto nº LU17/15, presentado por D. Luis I. López López (Nacho montaxes e instalacións eléctricas), para reforma de cuadro de alumbrado público situado en Campo da Feira de Puebla de San Julián cruce de dos depósitos de auga, con un custo 0,00 €, sendo o seu orzamento de 1.546,33 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación a reforma do cuadro de alumeado público situado no Campo da Feira de Pobra de San Xiao, cruce dos depósitos de auga.

19º.-SUBVENCIONES DEPUTACIÓN:

-CONCURSO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DA PROMOCIÓN DEPORTIVA REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (XIMNASIA E PATINAXE).

Visto o anuncio de convocatoria para a concesión, mediante procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvenciones destinadas a gastos correntes de promoción deportiva realizados por concellos da provincia de Lugo, anualidade 2015.

Vista a memoria de actividades deportivas de carácter permanente:

-Ximnasia rítmica.....4.200,00 €

-Patinaxe.....2.800,00€

Total.....7.000,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar a Deputación provincial unha subvención de 2.000,00 €, para un investimento de 7.000,00 €, cunha aportación do Concello de 5.000,00 €.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

-CONCURSO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAI REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (EQUIPAMENTOS CULTURAI).

Vista a convocatoria e bases que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por Concellos da provincia de Lugo (anualidade 2015).

Visto que é necesario a adquisición de tres ordenadores.

Visto o presuposto da empresa Kyocera, cun orzamento total 597,74 €, cada ordenador.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar a Deputación Provincial unha subvención de 800,00 € , para un investimento de 1.793,22 €, achegando o Concello 993,22 €. , para a compra de 3 ordenadores.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

-CONCURSO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A GASTOS CORRENTES DAS ACTIVIDADES CULTURAI REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (FESTA DA XUVENTUDE).

Visto o anuncio da convocatoria para a concesión, mediante procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a gastos correntes de actividades culturais realizadas por Concellos da Provincia de Lugo , anualidade 2015.

Vistas as memorias de actividades de desenvolvemento de evento cultural, para a celebración da festa da xuventude, cun orzamento de 1.000,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar a Deputación provincial unha subvención de 500,00 €, para un investimento de 1.000,00 €, cunha aportación do Concello de 500,00 €, para a festa de xuventude a celebrar o día 04-04-2015.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

-CONCURSO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES DEPORTIVAS E PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS REALIZADOS POR CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO (EQUIPAMENTO DEPORTIVO).

Visto o anuncio de concesión de subvencions destinadas a investimentos en instalacións deportivas e para equipamentos deportivos realizados por Concellos da Provincia de Lugo, anualidade 2015.

Visto que é necesario adquirir unha canasta para a praza dos Labregos en Pobra de S. Xiao.

Visto o presuposto de Sport Equipalia, por importe de 649,50 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar a Deputación Provincial unha subvención de 400,00 € , para un investimento de 649,50 €, achegando o Concello 249,50 €, para mercar unha canasta.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

20º.-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JUAN MOURELO RODRÍGUEZ, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10-02-2015.

Visto o recurso de reposición epigrafiado

Visto que no expediente non obra informe da traballadora social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar o asunto sobre a mesa para que por parte da traballadora social emita informe e ver a posibilidade de respetar o horario que tiña, sen perxudicar o horario das traballadoras de axuda a domicilio.

21º.-ESCRITO DE MIGUEL DÍAZ BESTEIRO, SOLICITANDO UNHA REMUNERACIÓN ECONÓMICA PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO C1.

Visto o escrito presentado polo traballador D. Miguel Díaz Besteiro solicitando axuda económica para obtención do permiso C1.

Visto que non dispon de dito permiso

E visto que para poderlle dar unha utilidade ampla a este permiso é necesario obter o CAP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Que unha vez obtidos ámbolos dous permisos que xustifique documentalmente o custo dos mesmos, para ver si é posible subvencionar unha parte.

22°.-PODA PINOS DA PRAZA DA ESTACIÓN.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día quince de xaneiro de dous mil quince.

Vista a documentación presentada pola empresa que acredita documentalmente que pode executar estes traballos.

Visto que a empresa non retira as ramas da poda das árbores.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Adxudicarlle a D. Daniel Rodríguez Moreno a poda dos pinos da praza da estación de Pobra de San Xiao, polo prezo de 600,00 €, debendo avisar coa antelación mínima de tres días hábiles e facer os traballos en horario de mañá.

2°.-As ramas da poda serán retiradas polo Concello ou algúnha persoa que lle interesa e leña que debe deixar totalmente limpa a praza.

23°.-TROCO DE TITULARIDADE DO “CAFÉ-BAR AVENIDA PUB JOY DE POBRA DE SAN XIAO.

Visto o escrito presentado por D^a María Teresa Neira Pérez, con D.N.I. Nº76.572.735-P, solicitando o troco do Café Bar Avenida e Pub Joy sito en Rúa Valdriz de Pobra de San Xiao.

Vista a cesión de titularidade.

Visto que para o café-bar se concedeu licenza o 21-12-1984 e para a cafetería especial “A” o 27-07-2000

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Conceder o troco de titularidade do Café Bar e do café-bar especial “A” que figuraban a nome de Mercedes Pérez Torres a nome de M^a Teresa Neira Pérez, sitos en Avenida de Valdriz

2°.-Practicar unha liquidación de 60,00 €, (30,00 X2=60,00), correspondente a taxa por troco da titularidade, que debe pagar antes de retirar esta certificación,

3°.-Que os recibos de auga e lixo e sumidoiros pasen a nome de D^a María Teresa Neira Pérez, debendo domiciliar os mesmos.

4°.-Remitirlle certificación deste acordo a tódalas partes interesadas

5°.-Comunicarlle ó encargado da auga D. Luís Varela Fernández e ó encargado de confeccionar os padróns D. Gerardo Sobrado Ventosinos, para que faga as modificacións oportunas.



**FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA,
ADOPTARONSE OS SEGUINTES ACORDOS:**

LICENZA DE OBRA:

SOLICITUDE DE D^a ANGELA LÓPEZ PIÑEIRO, PARA "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA RESTAURACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL EN PLANTA BAIXA", EN ARMEA.

Vista a solicitude presentada por D^a Angela López Piñeiro , con D.N.I. Nº33.740.615-Y, para restauración de vivenda tradicional en planta baixa, en Armea.

Visto o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Manuel López Guitar, Coag 1814, cun orzamento de execución material de 47.045,40 €.

Vistos os informes da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e o da arquitecto municipal D. Mercedes Maseda Martínez.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Conceder licenza municipal a D^a Angela López Piñeiro , para restauración de vivenda tradicional en planta baixa, en Armea, con total suxeición ao proxecto técnico, informe da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e informe da arquitecto técnico.

2º.-Antes de iniciar as obras debe achegar copia do proxecto visado polo Colexio Oficial e oficios de encargo da dirección das obras, en caso contrario paralizaranse as obras.

3º.-Practicar a seguinte liquidación:

Licenza de obras : $(47.045,40 \times 3,1) = 1.458,40 \text{ €}$

Taxa municipal sobre licenza urbanística $47.045,40 \text{ €} \times 0,50\% = 235,22 \text{ €}$, debendo xustificar o pago no momento da entrega da certificación.

4º.-A licenza concedese salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

5º.-A taxa debe ser ingresada antes de retirar a certificación deste acordo. E o resto da liquidación nos prazos indicados, na liquidación que se lle formula, e antes de comenzo das obras.

6º.-Concedese un prazo de 6 meses para iniciar as obras , e un prazo de 3 anos para rematalas.

**CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR: RESOLUCIÓN DE
CONCESIÓN DE VEHÍCULO AUTOBOMBA**

Vista a proposta favorable do subdirector xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, resolve conceder ao abeiro da Orde de 14 de marzo de 2014 un vehículo motobomba, matrícula 4014-JBK , cabina sinxela 3.000I, expediente

2713/2014, o concello deberá comprometerse a asumir as obrigas coa Dirección Xeral de Tráfico consistente en realizar o trámite de cambio de titularidade do vehículo, facerse cargo de todos os gastos de mantemento do vehículo e os derivados do seu uso, os derivados do seguro, da inspección técnica de vehículos e do imposto de vehículos de tracción mecánica así como as indemnización derivadas de posibles declaracións de responsabilidade civil ou criminal para uso de vehículos, calquera que sea a súa cuantía, a destinar o vehículos ás función de defensa contra incendios forestais a través de convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, polo tempo que dure a cesión, non inferior a 10 anos segundo o artigo 6.8 de dita Orde. Así mesmo, disporá dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación de resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela, transcurrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderáse tácitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

- 1º.-Aceptar a adquisición do vehículos autobomba así como tódalas condicións impostas pola Consellería do Medio Rural e Do Mar
- 2º.-Transferir o vehículo a nome do Concello.
- 3º.-Facer seguro do vehículo antes de recoller o mesmo en Santiago (09-03-2015).
- 4º.-Facultar o Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

SOLICITUDE DE ADIF, PARA AUTORIZACIÓN DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PASO A NIVEL SBA PK. 409/597 DA LÍNEA PALENCIA A CORUÑA (T.M DE LANCARA).

Vista a solicitude presentada por Adif, para arranxo do paso a nivel SBA PK 409/597 da línea de Palencia-A Coruña (TM de Lánacara), sendo necesario un corte de tráfico de vehículos en dito paso a nivel dende as 23:00 horas do día 4 de marzo de 2015 ata as 3:00 horas do día 5. Así como cooperación para a coordinación e regulación do tráfico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Conceder licencia a Adif para arranxo do paso a nivel SBA PK 409/597 da línea de Palencia-A Coruña (TM de Lánacara), dende as 23:00 horas do día 4 de marzo de 2015 ata as 3:00 horas do día 5.

2º.-Que deben sinalizar adecuadamente as vías alternativas.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo ascatorce horas vinte minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.